

### Produto interior bruto galego e estatal

O PIB galego incrementouse no último trimestre do ano 2017 en 0,7 décimas, o que o leva a un incremento interanual do 3,1%. Os dous valores coinciden cos rexistrados en España para este trimestre. superior en dúas décimas á media estatal. Con estes valores, o crecemento anual do PIB para o ano 2017 queda fixado de xeito provisional nun 3,1, tanto para o conxunto do Estado como para Galicia.


Variación interanual porcentual del PIB (índices de volumen encadenados, referencia año 2010=100. Datos corregidos de estacionalidad y calendario) Galicia-España 2012-2017 (\*)

|         | % (T/T-4) | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 1T14 | 2T14 | 3T14 | 4T14 | 1T15 | 2T15 | 3T15 | 4T15 | 1T16 | 2T16 | 3T16 | 4T16 | 1T17 | 2T17 | 3T17 | 4T17 |
|---------|-----------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| Galicia |           | -3,2 | -0,4 | 1,1  | 2,1  | 3,1  | 3,1  | 1,0  | 0,8  | 1,2  | 1,3  | 1,6  | 2,1  | 2,2  | 2,6  | 2,9  | 3    | 3,3  | 3,2  | 3,1  | 3,2  | 3,1  | 3,1  |
| España  |           | -2,9 | -1,7 | 1,4  | 3,4  | 3,3  | 3,1  | 0,5  | 1,0  | 1,8  | 2,2  | 2,9  | 3,4  | 3,6  | 3,8  | 3,5  | 3,4  | 3,2  | 3,0  | 3,0  | 3,1  | 3,1  | 3,1  |

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE

(\*) En data 02.10.2017 foron actualizados e revisados os datos estatísticos da Contabilidade Trimestral, como consecuencia da incorporación das novas series da Contabilidade Nacional Anual publicadas o 12/09/2017. A información actualizada está dispoñible para a súa consulta na web do INE

O gráfico representa a evolución da variación interanual dos PIB galego e estatal dos últimos 24 trimestres. A nivel estatal, o dato interanual do PIB volveu a ficar por riba do 3%, se ben cun descenso de dúas décimas respecto ao ano 2016, manténdose no 3,1% nos tres últimos trimestres. No que respecta a Galicia, o comportamento do PIB ven de ser moi similar, cun valor de 3,1% en tres dos catro trimestres deste ano.



### Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

No primeiro trimestre de 2018, a *Enquisa de Poboación Activa* (EPA) reflicte para Galicia unha diminución total da poboación activa de -1.300 persoas respecto do trimestre anterior (o -0,1%, descenso menor ao rexistrado no conxunto do Estado, onde descendeu un -0,4) mentres que, no intervalo interanual, o descenso en Galicia da poboación activa foi de -14.100 persoas (-1,1%, un descenso porcentual que supera nun punto ao -0,1% estatal no mesmo período). Pola súa banda, o número de persoas ocupadas reduciuse en Galicia en -5.600, o que supón unha redución do -0,5%, tamén menos intensa neste caso que a rexistrada en España, onde a redución da ocupación respecto ao terceiro trimestre foi dun -0,7%. En termos interanuais, a evolución segue a ser positiva, cun incremento do 1,6% e 16.500 persoas ocupadas máis, sendo o dato correspondente para o conxunto do Estado un incremento total de 435.900 persoas ocupadas, o 2,4% máis. A taxa de ocupación acadou en Galicia o 45,0% no primeiro trimestre, valor inferior en 3,7 puntos porcentuais á taxa de ocupación rexistrada en España no período de referencia, que foi do 48,7%. Para rematar coa análise da EPA do 1º trimestre de 2018, o número de persoas en paro en Galicia fíxase en 186.500, un incremento respecto do trimestre anterior do 2,4% (4.400 persoas paradas máis) e a taxa de paro rexistrada para Galicia fica no 15,1%, mentres que a rexistrada en España foi de 16,7%, pois o paro incrementouse en 29.400 persoas trimestre, para un total de 3.796.100 persoas.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 1º Trimestre 2018

|         | Trimestre actual | Variación trimestre anterior |            | Variación mesmo trimestre ano anterior |            |
|---------|------------------|------------------------------|------------|--|------------|
|         |                  | Diferencia                   | Porcentaxe | Diferencia                             | Porcentaxe |
| Galicia | 1.236,6          | -1,3                         | -0,1       | -14,1                                  | -1,1       |
| España  | 22.670,3         | -94,7                        | -0,4       | -23,0                                  | -0,1       |

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

O *Boletín Mensual do Paro Rexistrado* amosa que en Galicia o primeiro trimestre de 2018 remata con case o mesmo número de persoas en paro que o trimestre anterior, pois o incremento rexistrado en xaneiro veuse compensado cos descensos rexistrados nos dous meses seguintes. O comportamento deste parámetro segue a ser diferente para homes e para mulleres: se ben en todos os trimestres de anos anteriores estaba a diminuír con máis forza o desemprego entre os homes, neste trimestre esta tendencia resulta aínda máis patente, xa que mentres o número de homes en paro rexistrados reduciuse en máis de 900 persoas, o de mulleres en paro rexistradas aumentou en máis de mil. En taxa interanual e por sector de actividade, o sector servizos e o colectivo de persoas sen emprego anterior foron os que menos reduciron o paro rexistrado e o sector da construción o que máis o fixo. Por último, e

atendendo á idade das persoas paradas rexistradas, compre sinalar que aumentaron entre aquelas con 30 anos ou menos, e reducíronse no resto, de xeito máis intenso entre as persoas de 45 e máis anos.

#### Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 1º Trimestre 2018

| 1T 2018              | Mes actual |          |         | variación mes anterior |          |        | % variación mes anterior |          |       | variación mes ano anterior |          |         | % variación mes ano anterior |          |        |
|----------------------|------------|----------|---------|------------------------|----------|--------|--------------------------|----------|-------|----------------------------|----------|---------|------------------------------|----------|--------|
|                      | xaneiro    | febreiro | marzo   | xaneiro                | febreiro | marzo  | xaneiro                  | febreiro | marzo | xaneiro                    | febreiro | marzo   | xaneiro                      | febreiro | marzo  |
| <b>TOTAL</b>         | 189.886    | 188.207  | 185.103 | 4.873                  | -1.679   | -3.104 | 2,6%                     | -0,9%    | -1,6% | -22.192                    | -23.717  | -24.953 | -10,5%                       | -11,2%   | -11,9% |
| Homes                | 83.191     | 82.033   | 80.552  | 1.693                  | -1.158   | -1.481 | 2,1%                     | -1,4%    | -1,8% | -13.446                    | -14.163  | -13.498 | -13,9%                       | -14,7%   | -14,4% |
| Mulleres             | 106.696    | 106.174  | 104.551 | 3.180                  | -521     | -1.623 | 3,1%                     | -0,5%    | -1,5% | -8.746                     | -9.554   | -11.455 | -7,6%                        | -8,3%    | -9,9%  |
| <30 anos             | 24.253     | 24.374   | 23.953  | 737                    | 121      | -421   | 3,1%                     | 0,5%     | -1,7% | -2.935                     | -3.304   | -3.941  | -10,8%                       | -11,9%   | -14,1% |
| entre 30 e 44 anos   | 66.213     | 65.342   | 63.892  | 2.224                  | -871     | -1.450 | 3,5%                     | -1,3%    | -2,2% | -10.743                    | -11.280  | -11.623 | -14,0%                       | -14,7%   | -15,4% |
| >44 anos             | 99.420     | 98.491   | 97.258  | 1.912                  | -929     | -1.233 | 2,0%                     | -0,9%    | -1,3% | -8.514                     | -9.133   | -9.389  | -7,9%                        | -8,5%    | -8,8%  |
| Agricultura e Pesca  | 7.102      | 7.077    | 6.729   | 110                    | -25      | -348   | 1,6%                     | -0,4%    | -4,9% | -1.138                     | -1.063   | -1.064  | -13,8%                       | -13,1%   | -13,7% |
| Industria            | 21.630     | 21.287   | 21.259  | -314                   | -343     | -28    | -1,4%                    | -1,6%    | -0,1% | -3.381                     | -3.784   | -3.090  | -13,5%                       | -15,1%   | -12,7% |
| Construción          | 18.286     | 17.825   | 17.728  | 146                    | -461     | -97    | 0,8%                     | -2,5%    | -0,5% | -5.229                     | -5.402   | -4.625  | -22,2%                       | -23,3%   | -20,7% |
| Servizos             | 127.528    | 126.480  | 123.612 | 5.092                  | -1.048   | -2.868 | 4,2%                     | -0,8%    | -2,3% | -11.356                    | -12.343  | -14.892 | -8,2%                        | -8,9%    | -10,8% |
| Sen emprego anterior | 15.340     | 15.538   | 15.775  | -161                   | 198      | 237    | -1,0%                    | 1,3%     | 1,5%  | -1.088                     | -1.125   | -1.282  | -6,8%                        | -6,8%    | -7,5%  |

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

O *Boletín Mensual de Contratación* indica que no primeiro trimestre do ano asináronse 225.158 contratos novos en Galicia, que supoñen un descenso do -8,6% respecto ao 4º trimestre do 2017, e un incremento dun 7,4% respecto do número de novos contratos no 1º trimestre do ano pasado. Por sectores de actividade, o sector servizos foi o que tivo peor comportamento, cun descenso na contratación que superou o -13%, seguido do sector agrícola pesqueiro, no que o descenso foi menor, dun -2,2%. Nos sectores da construción e da industria a contratación incrementouse neste trimestre, no caso da construción fíxoo por riba do 10%. Porén, en termos interanuais a construción foi o único sector no cal a contratación non se incrementou en comparación co primeiro trimestre de 2017, e é no sector servizos onde esa comparación resulta máis favorable, cun incremento da contratación respecto á que se produciu fai 12 meses do 8,6%. Se atendemos ao tipo de contrato asinado, o dato máis positivo foi o da contratación indefinida, que incrementouse tanto en termos trimestrais, onde foi o único tipo de contrato do que se rexistrou unha variación positiva, como interanuais, onde, se ben se rexistrou datos positivos no número de contratos tanto indefinidos como temporais, os indefinidos acadaron un crecemento máis intenso, superior ao 10% respecto ao rexistrado fai 12 meses.

#### Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 1º Trimestre 2018

|                          | Trimestre actual | Var. trimestre anterior | % Var. trimestre anterior | Var. trimestre ano anterior | % Var. trimestre ano anterior |
|--------------------------|------------------|-------------------------|---------------------------|-----------------------------|-------------------------------|
| <b>1º Trimestre 2018</b> | <b>225.158</b>   | <b>-21.268</b>          | <b>-8,6%</b>              | <b>15.588</b>               | <b>7,4%</b>                   |
| Homes                    | 116.617          | -10.220                 | -8,1%                     | 7.311                       | 6,7%                          |
| Mulleres                 | 108.541          | -11.048                 | -9,2%                     | 8.277                       | 8,3%                          |
| <30 anos                 | 70.184           | -10.096                 | -12,6%                    | 5.525                       | 8,5%                          |
| entre 30 e 44 anos       | 98.505           | -7.566                  | -7,1%                     | 3.639                       | 3,8%                          |
| >44 anos                 | 56.469           | -3.606                  | -6,0%                     | 6.424                       | 12,8%                         |
| Indefinido               | 22.986           | 2.988                   | 14,9%                     | 2.203                       | 10,6%                         |
| Temporal                 | 198.833          | -23.108                 | -10,4%                    | 13.783                      | 7,4%                          |
| Prácticas / Formación    | 1.824            | -1.132                  | -38,3%                    | 63                          | 3,6%                          |
| Otros                    | 1.515            | -16                     | -1,0%                     | -461                        | -23,3%                        |
| Agricultura e Pesca      | 6.670            | -151                    | -2,2%                     | 282                         | 4,4%                          |
| Industria                | 39.811           | 3.118                   | 8,5%                      | 2.191                       | 5,8%                          |
| Construción              | 11.789           | 1.136                   | 10,7%                     | -74                         | -0,6%                         |
| Servizos                 | 166.888          | -25.371                 | -13,2%                    | 13.189                      | 8,6%                          |

Fonte: *Boletín Mensual de Contratación*, Consellería de Economía, Emprego e Industria

A variación mes a mes dos datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social no primeiro trimestre de 2018 amosa para Galicia a mesma tendencia que o paro rexistrado: decrecemento da afiliación no mes de xaneiro dun -1,2% con respecto do mes anterior, e crecemento nos meses de febreiro e marzo do 0,5% e do 0,7% respectivamente. A mesma tendencia ao alza mes a mes amosan os valores interanuais para os tres primeiros meses do ano, cun incremento que vai do 2,4% en xaneiro ao 2,7% en marzo. O comportamento desta variable no ámbito estatal non segue a mesma tendencia, observándose que o incremento da afiliación interanual pasa do 3,4% en xaneiro ao 3,3% en marzo. Deste xeito, o diferencial de crecemento da afiliación interanual entre Galicia en España redúcese ata os 0,6 puntos porcentuais.

#### Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 1º Trim. 2018

|         | Afiliacións media 3º Trim 2017 |            |            | Variacións   |          |          |         |          |       |            |          |         |         |          |       |
|---------|--------------------------------|------------|------------|--------------|----------|----------|---------|----------|-------|------------|----------|---------|---------|----------|-------|
|         | xaneiro                        | febreiro   | marzo      | mes anterior |          |          |         |          |       | interanual |          |         |         |          |       |
|         |                                |            |            | absoluta     |          | relativa |         | absoluta |       | relativa   |          |         |         |          |       |
|         | xaneiro                        | febreiro   | marzo      | xaneiro      | febreiro | marzo    | xaneiro | febreiro | marzo | xaneiro    | febreiro | marzo   | xaneiro | febreiro | marzo |
| Galicia | 973.462                        | 978.489    | 984.884    | -11.986      | 5.027    | 6.395    | -1,22%  | 0,52%    | 0,65% | 22.715     | 24.926   | 25.750  | 2,39%   | 2,61%    | 2,68% |
| España  | 18.282.031                     | 18.363.514 | 18.502.088 | -178.170     | 81.483   | 138.574  | -0,97%  | 0,45%    | 0,75% | 607.856    | 615.259  | 592.081 | 3,44%   | 3,47%    | 3,31% |

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

## Sinistralidade

O avance de datos anuais facilitados polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para o ano 2017 amosa un incremento de case un 10% no número de accidentes leves con baixa laboral, mentres que os graves e mortais reducíronse en case un -12% e case un -25% respectivamente. Por sectores de actividade, o mellor comportamento tívoo o da Pesca, no cal os accidentes con baixa reducíronse en todas as categorías, seguido do sector servizos, e agrícola, nos que o incremento dos accidentes leves foi inferior á media. Como dato máis destacado, hai que tomar nota do incremento de accidentes mortais no sector da construción; mentres no resto de sectores déronse reducións da mortalidade do -20% ou superiores, a mortalidade na construción subiu de 5 a 13 persoas (crecemento do 160%).

**Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Avance 2016-2017)**

|              | Leves         |               |            | Graves     |            |              | Mortais   |           |              | Totais        |               |            |
|--------------|---------------|---------------|------------|------------|------------|--------------|-----------|-----------|--------------|---------------|---------------|------------|
|              | 2016          | 2017          | % Var      | 2016       | 2017       | % Var        | 2016      | 2017      | % Var        | 2016          | 2017          | % Var      |
| Agricultura  | 1.142         | 1.240         | 8,6        | 55         | 58         | 5,5          | 5         | 4         | -20,0        | 1.202         | 1.302         | 8,3        |
| Pesca        | 992           | 962           | -3,0       | 58         | 47         | -19,0        | 12        | 6         | -50,0        | 1.062         | 1.015         | -4,4       |
| Industria    | 7.163         | 8.118         | 13,3       | 108        | 99         | -8,3         | 11        | 4         | -63,6        | 7.282         | 8.221         | 12,9       |
| Construcción | 2.811         | 3.226         | 14,8       | 85         | 73         | -14,1        | 5         | 13        | 160,0        | 2.901         | 3.312         | 14,2       |
| Servizos     | 12.333        | 13.260        | 7,5        | 190        | 160        | -15,8        | 24        | 16        | -33,3        | 12.547        | 13.436        | 7,1        |
| <b>Total</b> | <b>24.441</b> | <b>26.806</b> | <b>9,7</b> | <b>496</b> | <b>437</b> | <b>-11,9</b> | <b>57</b> | <b>43</b> | <b>-24,6</b> | <b>24.994</b> | <b>27.286</b> | <b>9,2</b> |

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

No que respecta á evolución dos índices de incidencia no 2017, o índice total tivo un incremento do 6,4%, causado polo incremento xa citado dos accidentes leves en todos os sectores de actividade excepto o pesqueiro. Entre os sectores que tiveron incremento do número de accidentes con baixa, tan só no sector servizos o índice de incidencia creceu por debaixo da media, sendo o sector da construción o que tivo un peor comportamento.

**Índices de incidencia por sectores de actividade. Galicia (Avance 2016-2017)**

|              | Leves          |                |            | Graves      |             |              | Mortais    |            |              | Totais         |                |            |
|--------------|----------------|----------------|------------|-------------|-------------|--------------|------------|------------|--------------|----------------|----------------|------------|
|              | 2016           | 2017           | % Var      | 2016        | 2017        | % Var        | 2016       | 2017       | % Var        | 2016           | 2017           | % Var      |
| Agricultura  | 3.524,3        | 3.919,2        | 11,2       | 169,7       | 183,3       | 8,0          | 15,4       | 12,6       | -18,1        | 3.709,4        | 4.115,2        | 10,9       |
| Pesca        | 5.326,5        | 5.139,2        | -3,5       | 311,4       | 251,1       | -19,4        | 64,4       | 32,1       | -50,3        | 5.702,3        | 5.422,3        | -4,9       |
| Industria    | 5.789,2        | 6.378,9        | 10,2       | 87,3        | 77,8        | -10,9        | 8,9        | 3,1        | -64,7        | 5.885,4        | 6.459,9        | 9,8        |
| Construcción | 5.726,3        | 6.463,6        | 12,9       | 173,2       | 146,3       | -15,5        | 10,2       | 26,1       | 155,6        | 5.909,7        | 6.635,9        | 12,3       |
| Servizos     | 2.199,4        | 2.296,8        | 4,4        | 33,9        | 27,7        | -18,2        | 4,3        | 2,8        | -35,3        | 2.237,6        | 2.327,2        | 4,0        |
| <b>Total</b> | <b>3.115,2</b> | <b>3.330,5</b> | <b>6,9</b> | <b>63,2</b> | <b>54,3</b> | <b>-14,1</b> | <b>7,3</b> | <b>5,3</b> | <b>-26,5</b> | <b>3.185,7</b> | <b>3.390,1</b> | <b>6,4</b> |

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

**Conflitividade laboral**

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para 2017, pódese falar dun acusado incremento da conflitividade laboral en Galicia leváronse a cabo 76 folgas, o que supón un incremento dun 33,3% fronte ás do mesmo período do ano 2016. A repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles aumentou de xeito moi importante: en Galicia, o número de persoas traballadoras participantes en folgas multiplicouse case por 3,5 ao pasarse de 11.866 persoas traballadoras en folga en 2016 a 39.977 en 2017. As xornadas non traballadas multiplicáronse aínda máis, case por 8,5 (incremento porcentual dun 845,8%)

As folgas xerais que tiveron lugar en Cataluña os pasados 03.10.2017 e 08.11.2017 fan que a comparanza entre o comportamento da conflitividade laboral entre Galicia e España se vexa desvirtuada. Compre sinalar, con todo, que coa excepción de Cataluña, Galicia foi a comunidade na que se deron máis xornadas non traballadas por folga en termos absolutos, e a terceira en número de persoas traballadoras participantes.

**Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas nno traballadas Galicia-España Xaneiro-December 2017**

|         | Folgas            |   | Persoas traballadoras participantes |   | Xornadas non traballadas |   |
|---------|-------------------|---|-------------------------------------|---|--------------------------|---|
|         | Valores absolutos | Variación sobre o mesmo período do ano anterior | Valores absolutos                   | Variación sobre o mesmo período do ano anterior | Valores absolutos        | Variación sobre o mesmo período do ano anterior |
| Galicia | 76                | 19  | 39.977                              | 28.111  | 159.566                  | 142.201   |
| España  | 731               | 90  | 2.732.023                           | 2.475.731                                       | 2.584.661                | 2.490.212                                       |

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

**Expedientes de regulación de emprego**

Nos dous primeiros meses do ano reducíronse o número de expedientes de regulación de emprego tramitados nun -22%, se ben o comportamento varía segundo o sector ou a medida aplicada. Así, os expedientes por despedimento colectivo se incrementaron lixeiramente e reducíronse os de suspensión de contratos e redución de xornada. Por sectores, a industria e a construción amosan reducións dun 50% ou máis, mentres o pesqueiro é o único no que o número se incrementou nestes dous meses.

O número de persoas traballadoras afectadas por ERE incrementouse no 2,2%, incremento provocado pola categoría de traballadores afectados por despedimentos colectivos, que afectaron a máis da tripla de persoas traballadoras que en xaneiro-febreiro de 2017. Hai que sinalar neste punto que o comportamento foi dispar entre sexos: se ben os traballadores afectados foron un 32,7% máis, as traballadoras afectadas por nestes meses foron un-58,6% menos que en xaneiro-febreiro de 2017.

**Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e o sector de actividade. Galicia, Xaneiro-Febrero 2017-2018**

|              | Despedimentos colectivos |          |              | Suspensións de contratos |           |               | Reducións de xornada |           |               | Totais    |           |               |
|--------------|--------------------------|----------|--------------|--------------------------|-----------|---------------|----------------------|-----------|---------------|-----------|-----------|---------------|
|              | 2017                     | 2018     | %Var.        | 2017                     | 2018      | %Var.         | 2017                 | 2018      | %Var.         | 2017      | 2018      | %Var.         |
| Agricultura  | 0                        | 0        | 0,0%         | 0                        | 0         | 0,0%          | 0                    | 0         | 0,0%          | 0         | 0         | -----         |
| Pesca        | 1                        | 1        | 0,0%         | 2                        | 4         | 100,0%        | 0                    | 0         | 0,0%          | 3         | 5         | 66,7%         |
| Industria    | 1                        | 2        | 100,0%       | 8                        | 4         | -50,0%        | 5                    | 1         | -80,0%        | 14        | 7         | -50,0%        |
| Construcción | 1                        | 0        | -100,0%      | 1                        | 1         | 0,0%          | 1                    | 0         | 100,0%        | 3         | 1         | -66,7%        |
| Servizos     | 3                        | 4        | 33,3%        | 8                        | 5         | -37,5%        | 10                   | 10        | 0,0%          | 21        | 19        | -9,5%         |
| <b>TOTAL</b> | <b>6</b>                 | <b>7</b> | <b>16,7%</b> | <b>19</b>                | <b>14</b> | <b>-26,3%</b> | <b>16</b>            | <b>11</b> | <b>-31,3%</b> | <b>41</b> | <b>32</b> | <b>-22,0%</b> |

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o cuarto trimestre de 2017 indica que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes foi de 2.427,6 € no trimestre, o que supón un incremento interanual dun 3,6%; rematado xa o ano 2017, o custo laboral por persoa traballadora e mes rexistrou o maior incremento anual desde o ano 2013, cun 1,8%. O valor medio por persoa traballadora e mes dos custos salariais en Galicia foi de 1.825,5 €.

No relativo aos custos por hora efectiva, no 4º trimestre de 2017 houbo incrementos significativos respecto dos datos do mesmo trimestre do ano anterior, que mesmo foron lixeiramente superiores que os rexistrados no parámetro por persoa traballadora e mes (3,8% para o custo laboral por hora efectiva, 4,0% para o custo salarial por hora efectiva)

Custos laborais e salariais. Galicia. 2012-2017

|      | Custo laboral por persoa traballadora e mes |             | Custo laboral por hora efectiva |             | Custo salarial por persoa traballadora e mes |             | Custo salarial por hora efectiva |             |
|------|---|-------------|---------------------------------|-------------|--|-------------|----------------------------------|-------------|
|      | Euros                                       | % var. int. | Euros                           | % var. int. | Euros  | % var. int. | Euros                            | % var. int. |
| 2012 | 2.206,2                                     | -2,6        | -----                           | -----       | 1.618,1                                      | -3,1        | -----                            | -----       |
| 2013 | 2.260,2                                     | 2,4         | -----                           | -----       | 1.656,0                                      | 2,3         | -----                            | -----       |
| 2014 | 2.261,4                                     | 0,0         | -----                           | -----       | 1.654,0                                      | 0,0         | -----                            | -----       |
| 2015 | 2.246,2                                     | -0,7        | 17,2                            | 0,3         | 1.649,0                                      | -0,3        | 12,6                             | 0,8         |
| 2016 | 2.248,3                                     | 0,1         | 17,4                            | 1,3         | 1.655,0                                      | 0,4         | 12,8                             | 1,5         |
| 2017 | <b>2.288,9</b>                              | <b>1,8</b>  | <b>17,7</b>                     | <b>1,4</b>  | <b>1.687,4</b>                               | <b>1,4</b>  | <b>13,0</b>                      | <b>1,6</b>  |
| 1T15 | 2.175,0                                     | 0,2         | 16,1                            | 1,8         | 1.582,0                                      | 0,6         | 11,7                             | 2,4         |
| 2T15 | 2.249,0                                     | -2,1        | 16,7                            | -2,2        | 1.635,8                                      | -2,2        | 12,2                             | -2,2        |
| 3T15 | 2.196,2                                     | -0,4        | 17,5                            | -0,2        | 1.601,9                                      | 0,0         | 12,8                             | 0,2         |
| 4T15 | 2.370,6                                     | -0,3        | 18,3                            | 1,9         | 1.775,8                                      | 0,4         | 13,7                             | 2,7         |
| 1T16 | 2.203,1                                     | 1,3         | 16,8                            | 4,3         | 1.596,2                                      | 0,9         | 12,2                             | 3,7         |
| 2T16 | 2.232,7                                     | -0,5        | 16,4                            | -1,9        | 1.640,6                                      | 0,3         | 12,0                             | -1,2        |
| 3T16 | 2.213,6                                     | 0,8         | 18,0                            | 2,7         | 1.624,0                                      | 1,4         | 13,2                             | 3,3         |
| 4T16 | 2.343,7                                     | -1,4        | 18,3                            | -0,1        | 1.759,1                                      | -0,9        | 13,8                             | 0,1         |
| 1T17 | 2.209,8                                     | 0,3         | 16,1                            | -4,2        | 1.610,0                                      | 0,9         | 11,7                             | -3,6        |
| 2T17 | 2.259,7                                     | 1,2         | 17,1                            | 4,3         | 1.662,6                                      | 1,3         | 12,6                             | 4,4         |
| 3T17 | 2.258,4                                     | 2,0         | 18,4                            | 2,3         | 1.651,6                                      | 1,7         | 13,4                             | 2,0         |
| 4T17 | <b>2.427,6</b>                              | <b>3,6</b>  | <b>19,0</b>                     | <b>3,8</b>  | <b>1.825,5</b>                               | <b>3,8</b>  | <b>14,3</b>                      | <b>4,0</b>  |

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

## Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

No primeiro trimestre de 2018 constituíronse 1.166 sociedades mercantís, dato que representa un incremento do 31,7% no número de sociedades constituídas respecto do trimestre anterior e fixérono, ademais, cun incremento substancial do capital respecto daquelas que se constituíron no trimestre pasado. Porén, respecto do mesmo trimestre do ano anterior reduciuse o número de novas sociedades mercantís en case un -10%, e a redución de capital de constitución destas empresas foi do -48%. En canto ao número de sociedades que ampliaron capital, a tendencia foi similar, pois incrementáronse respecto ao trimestre pasado e reduciéronse respecto do sucedido fai 12 meses, aínda que con respecto ao primeiro trimestre de 2017, a pesares de que ampliaron capital un menor número de empresas, as que o fixeron, fixérono co dobre de capital que fai 12 meses.

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2018

|                                  | Dato do trimestre |                   | Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado | % variación de capital respecto ao trimestre pasado | Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado | % variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado |
|----------------------------------|-------------------|-------------------|---|---|--|--|
|                                  | Núm. sociedades   | Capital (miles €) |   |   |  |  |
| Sociedades constituídas          | 1.166             | 58.153,1          | 281   | 273,9%  | -128   | -48,0%   |
| Sociedades que ampliaron capital | 399               | 774.101,9         | 128   | 601,9%  | -20  | 199,8%   |

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Sociedades mercantís disoltas, que reducen capital ou en situación concursal, 1º Trimestre 2018

|                                   | 1T18 | 4T17 | 1T17 |
|-----------------------------------|------|------|------|
| Sociedades disoltas               | 610  | 318  | 615  |
| Sociedades que redución capital   | 89   | 51   | 104  |
| Sociedades en situación concursal | 30   | 67   | 77   |

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Tanto as disolucións de sociedades mercantís como a redución de capital das mesmas se incrementaron notablemente respecto do último trimestre de 2017, se ben nos dous casos o seu número reduciuse respecto das que se disolveron ou redución capital nos tres primeiros meses de 2017.

Ademais, neste trimestre rexistráronse sete procesos de escisión de empresas, 22 de fusión e 30 entraron en situación concursal (37 menos que no trimestre anterior e 47 menos que no primeiro trimestre de 2017)

## Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Neste trimestre rexistráronse 23 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA, en liña co número de expedientes que tiveron entrada no mesmo período do ano pasado. Tamén no ámbito do sistema extraxudicial de solución de conflitos colectivos de traballo hai que subliñar que neste trimestre tivo lugar unha xornada coas persoas que interveñen como mediadoras ou árbitras no AGA, xornada na que se fixo un balance do traballo feito, as experiencias na intervención mediadora na procura de solución dos conflitos e deuse un novo pulo ao procedemento coa inclusión de novas persoas mediadoras.

Xa no eido da negociación colectiva proseguíu a actividade do Consello con xuntanzas na procura da sinatura de diversos convenios de sector, as cales se espera dean froito nos vindeiros meses na forma de novos convenios para os distintos sectores.

No exercicio da súa función consultiva, a Comité Delegado de Ditames do Consello Galego de Relacións Laborais emitiu 11 ditames sobre ordes reguladoras de distintos aspectos do eido laboral, de novo en liña cos emitidos no primeiro trimestre de 2017

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: [http://cgrl.xunta.es/q\\_necol2.html](http://cgrl.xunta.es/q_necol2.html)

**Consello Galego de Relacións Laborais**

[http://cgrl.xunta.es/g\\_soclab.html](http://cgrl.xunta.es/g_soclab.html)



Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610